

Programación Xeral Anual Curso 2023-2024

IES Camilo José Cela

Cap. I

(Decreto 324/96 e Orde de 1 de agosto de 1997)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN páx. 2
2. PLAN ANUAL. páx. 2
2.1. Obxectivos específicos páx. 2
2.2. Medidas para a consecución dos obxectivos páx. 3
2.3. Recursos previstos para o cumprimento das medidas páx. 8
3. HORARIO XERAL DO CENTRO. páx. 12
3.1. Horario lectivo	
3.2. Disponibilidade de uso das instalacións fóra do horario lectivo	
3.3. Horario de verán	
4. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS. páx. 13
5. PLAN ANUAL DE LECTURA páx. 15
6. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE páx. 24
7. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE páx. 31

1. INTRODUCCIÓN.

No presente 2023-2024 o IES Camilo José Cela afondará nas liñas traballadas nos últimos cursos, sobre todo centradas na coeducación, a educación emocional, a igualdade e a cultura do diálogo e a mediación. Tamén se insistirá na mellora pedagóxica do centro, afondando na procura da excelencia á par da atención á diversidade. Deste xeito combinaremos o eixo formativo co eixo do coidado emocional e o reforzo da comunicación positiva entre alumnado, familias e profesorado.

Outros aspectos que se potenciarán estarán relacionados cos proxectos en que está inmerso o centro ou que se van solicitar, ao abeiro de convocatorias como os contratos programa ou o Plan Proxecta+. Continuarase co desenvolvemento dos novos obxectivos do *Plan Dixital*, quese será potenciado coa probable participación do centro noutras iniciativas relacionadas como os Polos creativos. A formación do profesorado, (ininterrompida nos últimos sete cursos) volverá ser un pilar do centro e a formación do PFPP encadrarase na liña dos polos creativos e do desenvolvemento de competencias dixitais.

O presente documento foi avaliado e aprobado nas seguintes datas:

Data de aprobación pola dirección desta programación: 28/09/2023

Data de aprobación polo claustro: 28/09/2023

Data de aprobación e avaliación polo Consello Escolar: 28/09/2023

2. PLAN ANUAL.

2.1. Obxectivos específicos.

1. Promover a calidade e a equidade da educación, combinando a procura da excelencia coa necesaria atención á diversidade.

2. Desenvolver a inclusión, a coeducación, a educación emocional e afectiva, xunto coa cultura do diálogo e da mediación, aproveitando a participación en proxectos e convocatorias da consellaría e a colaboración con profesionais e institucións do contorno.

3. Progresar na competencia dixital do alumnado e do profesorado, establecendo novos obxectivos e accións no *Plan Dixital* do centro e potenciando o ensino tecnolóxico e as competencias STEAM.

4. Completar a actualización e revisión de todos os documentos do centro, coa redacción dun Proxecto Lingüístico e a elaboración dos novos Plan Lector e Plan de Biblioteca.

5. Dar a coñecer e potenciar a nova figura da coordinadora de benestar e convivencia, presentando o seu labor a alumnado e familias, deseñando accións que estendan a cultura do bo trato, do coidado, dos hábitos saudables e da prevención e protección ante calquera tipo de violencia.

6. Consolidar a participación do alumnado e das familias na vida do centro, colaborando coa nova ANPA e potenciando as ferramentas de comunicación dixitais coas familias.

7. Proseguir co acondicionamento do centro e a adaptación do edificio ás novas necesidades pedagóxicas, visualizando as instalacións e a dinámica do centro a través dos actos do 50 Aniversario da súa creación.

2.2. Medidas para a consecución dos obxectivos.

Para conseguir os obxectivos propostos fomentárase a colaboración entre todo o profesorado, xunto coas familias, o alumnado e o resto de sectores da comunidade educativa.

2.2.1. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 1.

- **Desenvolvemento da acción titorial e da atención á diversidade.** Este ano non se puido crear o grupo de PDC en 3º de ESO, debido a que non había alumnado suficiente que cumprise os criterios para entrar no grupo. Para intentar compensar as necesidades do alumnado deste nivel, potenciárase a atención de PT e estenderase a máis alumnado que cursa 3º de ESO.

- **Desenvolvemento de encontros cos CPI da zona e xornadas de portas abertas a alumnado e familias dos centros adscritos.** Nos encontros cos CPI da zona farase especial fincapé no clima de convivencia do centro, ademais do recoñecemento da excelencia académica acadada nos últimos cursos. Explicarase a oferta educativa do centro, promocionando o novo Bacharelato Xeral, aínda moi descoñecido entre o alumnado.

- **Potenciación do ensino dixital e do ensino por proxectos.** Este curso desenvolveremos os obxectivos do Plan Dixital de cara a ampliar o uso didáctico das tecnoloxías co alumnado. Ademais, incorporárase progresivamente o uso destas tecnoloxías aos diferentes proxectos que se desenvolverán no centro, varios deles froito da participación en convocatorias da consellaría.

- **Axuste dos itinerarios didácticos e conformación da oferta do Bacharelato Xeral.** Neste curso continuaremos desenvolvendo accións para explicar os itinerarios que se establecen no centro e dar a coñecer a nova vía do Bacharelato Xeral, que estamos autorizados a impartir, tanto entre o noso alumnado como entre o dos centros veciños.

- **Participación en novos proxectos didácticos.** Este curso solicitaranse novos proxectos, abrindo novas vías de aproveitamento didáctico a través da participación na nos CpInnova.

2.2.2. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 2.

- **Desenvolvemento de accións para a educación emocional.** Desde o Departamento de Orientación propoñeranse dinámicas dentro da concreción do *Plan de Benestar Emocional*. Do mesmo xeito, solicitaranse de novo proxectos dentro da convocatoria de contratos programa, para o desenvolvemento de iniciativas neste eido que dean continuidade ás postas en marcha os cursos pasados.

- **Potenciación da cultura do diálogo e da mediación.** A mediación escolar é unha liña prioritaria no centro desde o ano 2018. Este curso procurarase formar máis alumnado mediador, xa que gran parte do grupo existente rematou os seus estudos ou abandonou o centro para continuar estudos noutras vías ofertadas noutras localidades. Preténdese dar un novo papel ao equipo mediador para que vaian dinamizando aspectos máis amplos da vida do centro en relación coa convivencia positiva, as habilidades sociais e o coidado entre iguais.

- **Realización de actividades de voluntariado e colaboración social.** Dentro dos proxectos que se poñerán en marcha no centro, varios incidirán na implicación do alumnado do centro coa comunidade social. Continuarase coas iniciativas de voluntariado en colaboración con distintas entidades ou mesmo coa Biblioteca escolar, como en cursos pasados. Ademais, solicitaranse proxectos relacionados con convocatorias da consellaría neste eido.

- **Potenciación da inclusión e a equidade.** Desenvolveranse proxectos no centro que farán énfase neste aspecto, de xeito que o alumnado se sinta identificado e se consolide como grupo cohesionado arredor de iniciativas educativas interdisciplinares nas que poidan participar en igualdade.

- **Potenciación da coeducación.** Continuarase con iniciativas destinadas a facer da igualdade un eixo do ensino no centro, integrando cada vez máis as actividades coeducativas previstas no Plan de Igualdade no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. Darase impulso tamén á Comisión de coeducación e á figura da persoa coordinadora de coeducación

- **Desenvolvemento de accións para a educación emocional e afectiva.** Impulsarase a organización de actividades para a educación nas emocións e na saúde afectivo-sexual, de acordo co PAT do centro.

2.2.3. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 3.

- **Actualización do Plan Dixital.** Estableceranse novos obxectivos e accións nun novo Plan Dixital de Centro, que será presentado a aprobación en consello escolar no primeiro trimestre deste curso 2023-2024. Neste novo plan recolleranse os novos proxectos relacionados coa dixitalización, como a participación na convocatoria de Polos Creativos, e a formación que se deseñará para proseguir na consolidación da competencia dixital entre profesorado e alumnado.

- **Solicitud e adquisición de novo equipamento informático.** A participación en convocatorias da consellaría abrirá a posibilidade de solicitude de material informático, pois o existente precisa dunha importante renovación, dada a antigüidade da dotación existente. Ademais, adquirirse material dixital dentro das posibilidades dos gastos de funcionamento do centro para contribuír á dotación das aulas materia, de novo en funcionamento despois da paréntese da COVID-19.

- **Participación na convocatoria de Polos Creativos.** A intención da nosa comunidade escolar, dado o sentir xeral de grande parte dela, é participar este curso na convocatoria que recolle a *Orde do 21 de abril de 2022, pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería*. Con esta participación preténdese avanzar na abordaxe de iniciativas que fomenten a competencia dixital do alumnado e as competencias STEM.

2.2.4. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 4.

- **Elaboración dun novo Proxecto Lingüístico.** En 2024 cumpriranse catro anos da elaboración do anterior Proxecto Lingüístico de centro e, tal como indica o artigo 14.1 do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, de pluringüismo no ensino non universitario de Galicia*, debe elaborarse un novo plan ao cumprirse este prazo.

- **Elaboración dos novos Plan Lector e Plan de Biblioteca.** O proxecto lector do centro é un documento que leva tempo sen renovar. As novas disposicións legais establecen os novos documentos *Plan Lector e Plan de Biblioteca* como necesarios en todos os centros. No presente curso, seguindo as instrucións que poida achegar a administración e a inspección educativa, prevese a elaboración e aprobación destes documentos.

- **Actualización e revisión da documentación básica do centro.** Este curso serán revisados gran parte dos documentos do centro, co fin de adaptalos ás últimas disposicións legislativas que emanan, fundamentalmente dos *Decretos 156/2022 e 157/2022*, e das ordes que os concretan.

2.2.5. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 5.

- **Consolidación de hábitos de coidado e saúde emocional.** En liña coas iniciativas recollidas en documentos como o *Plan de Actividades físicas e hábitos saudables* ou o propio *Plan de Benestar Emocional* da consellaría, e baixo a supervisión e coordinación da Coordinadora de benestar e convivencia do centro, afondaremos no deseño de accións para a consolidación duns mellores hábitos de vida entre a xente moza, potenciando espazos de relación baseadas nunha convivencia sa baseada na saúde e no coidado entre iguais.

- **Desenvolvemento de accións a favor do bo trato e da non violencia.** En liña co mencionado no punto anterior, a persoa coordinadora de benestar e convivencia do

centro, en colaboración co departamento de Orientación e coa Comisión de Convivencia e a Xefatura de Estudos, establecerá un plan de actividades destinadas ao fomento da convivencia pacífica e do bo trato entre iguais. Estas accións recolleranse na actualización do *Plan de Convivencia* do centro.

2.2.6. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 6.

- **Participación do alumnado e das familias.** A colaboración do alumnado seguirase potenciando en todos os espazos do centro, adaptándose agora de novo ao concepto de aula-materia e á flexibilidade e aproveitamento de espazos que isto pode desenvolver. Procurarase continuar con actividades da ENAPA (Escola de Nais e Pais), que no último curso se programaron en colaboración co CAFI e para as que neste curso se procurará a implicación da recentemente creada ANPA “La Colmena”.

- **Establecemento da ANPA do IES Camilo José Cela.** Logo dos contactos e reunións mantidas ao longo do curso pasado, considérase que a creación definitiva da ANPA do noso centro está practicamente pechada. A dirección continuará a manter contactos e a facilitar espazos para esta iniciativa, de cara a establecer unha dinámica de traballo e colaboración constante e frutífera.

2.2.7. MEDIDAS EN RELACIÓN AO OBXECTIVO 7.

- **Presentación dun informe e solicitude de reforma integral á Xefatura Territorial.** Logo da substitución das cubertas do centro este pasado verán, faise máis patente a necesidade de acometer as reformas pendentes. Para isto será enviado un informe gráfico e visual á Xefatura Territorial que expoña as necesidades pendentes, encamiñadas á reforma integral do centro e ao seu acondicionamento para conseguir a eficiencia enerxética e a súa adaptación ao novo Plan de Arquitectura Pedagóxica. En síntese, este informe conterà demandas en relación á reforma das fachadas, a substitución de carpinterías exteriores e interiores, apuntalamo de vigas, reforma dos condutos e sanitarios e, mesmo, á substitución do peche exterior (que se encontra en moi mal estado e con risco para as persoas que circulan por dentro e fóra do perímetro).

- **Petición de desafectación da vivenda do conserxe.** A antiga vivenda do persoal subalterno encóntrase deshabitada e moi degradada desde hai varios anos. Nos últimos tempos foi utilizada como almacén e xa non ten servizo de luz nin auga. Consideramos que é un espazo ao que se lle pode sacar aproveitamento educativo, dado

que hai moitos anos que ningún empregado do persoal subalterno se interesa por ela e o seu arranxo xa se faría inasumible para a persoa que quixese entrar a vivir.

2.3. Recursos previstos para o cumprimento das medidas.

2.3.1. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 1.

- **Medidas extraordinarias de atención á diversidade.** Dentro destas medidas, reforzase a atención de PT en alumnado de 3º e, mesmo, 4º de ESO. Ademais, realizarase unha nova ACS para un alumno que se incorporou o curso pasado de xeito tardío ao noso centro.

- **Organización de Agrupamentos Flexibles.** Este curso recuperarase os agrupamentos flexibles en 2º de ESO e en 1º de ESO, como medida extraordinaria de atención á diversidade para apoiar o alumnado con máis dificultades nas materias instrumentais (Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas).

- **Reforzo das medidas ordinarias de atención á diversidade.** Dentro destas medidas, volveranse realizar desdobrementos en inglés nos niveis de 2º e 3º de ESO e desdobrarase tamén o curso de 1º de Bacharelato.

- **Reforzo de profesorado con dispoñibilidade horaria.** Dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade, aproveitarase a dispoñibilidade horaria de tres profesores e profesoras para reforzar e apoiar en aula a un pequeno grupo de alumnado con dificultades e completar a atención que presta o PT nestes casos.

- **Visitas presenciais aos centros da zona.** Nestas visitas incidirase especialmente en dar a coñecer a oferta do centro. Centrarémonos no desenvolvemento da atención á diversidade á par de dar coñecemento do alto nivel de excelencia acadado en probas externas. Tamén se seguirá promocionando o novo Bacharelato Xeral, de cara a poder ofrecelo no curso seguinte e que o alumnado coñeza e valore as posibilidades formativas desta vía.

- **Participación na convocatoria de contratos programa CpInnova.** Dentro destas medidas, a participación nesta convocatoria potenciará novas metodoloxías de ensino dinámico e interactivo, que motive a aprendizaxe competencial do alumnado. O programa solicitado irá dirixido ao alumnado máis novo que acaba de comezar no centro.

2.3.2. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 2.

- **Participación na convocatoria de Contratos Programa CpInclúe.**

Volverase participar nesta convocatoria da consellaría, nas liñas IGUÁLA-T, EMOCIÓN-T e INCLÚE-T. A través desta convocatoria procuraranse conseguir recursos para os diversos talleres e actividades do centro, que serán implementados a través do Plan de Acción Titorial e implicarán un importante número de profesorado e alumnado.

- **Equipo de Mediación.** O novo equipo, renovado hai dous anos, viuse moi mermado pola marcha de grande parte dos seus compoñentes para cursar estudos noutros centros ou por teren rematado os seus estudos. Dentro da nova estratexia da persoa coordinadora de benestar e convivencia, o equipo deberá ocupar un papel máis central na actividade do IES, actuando como elemento dinamizador en xeral da convivencia, do coidado e bo trato entre iguais e da comunicación positiva no centro.

- **Colaboración diversas institucións da bisbarra.** Continuando coa dinámica posta en marcha hai xa varios cursos, implicaremos a alumnado e profesorado en distintas iniciativas de colaboración con entidades e institucións implantadas na comarca de Sar, desde os concellos a colectivos sociais e organismos sen ánimo de lucro.

- **Participación en proxectos interdisciplinares.** Este curso, renovarase a participación no Plan Proxecta, en concreto no *Proxecto Terra* e no *Proxecto Aliméntate ben..* Estes proxectos procuran unha educación integral do alumnado de xeito interdisciplinar que vaia máis alá do ensino formal procurando unha cohesión e unha concienciación a través de ámbitos e intereses diversos. A continuidade do *Club de Ciencia*, iniciativa moi exitosa na inspiración de vocacións STEAM (con moita incidencia, ademais, no alumnado feminino), incidirá tamén neste enfoque interdisciplinar e igualitario da educación.

2.3.3. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 3.

- **Continuación do PFPP.** Continuarase este curso a formación do profesorado no centro, que contribuirá a desenvolver os obxectivos do Plan Dixital, á vez que se orientará na liña dos Polos Creativos, axudando na formación tecnolóxica, dixital e multimodal do profesorado.

- **Potenciación da coordinación TIC e do equipo de dinamización do Plan Dixital.** Desde a coordinación TIC e Abalar, baixo as directrices da dirección,

traballárase na consolidación do equipo creado no curso pasado de cara a dinamizar o uso das tecnoloxías no centro.

- **Dotación de recursos para as aulas materia.** No presente curso procurárase renovar o equipamento das aulas materia, moi deterioradas algunhas que foron grupo clase estes tres últimos cursos. Solicitárase material á consellería e adquiríranse outros materiais con fondos propios, ademais de solicitar dotación na convocatoria anual de petición de material e a participación na convocatoria dos Polos Creativos.

2.3.4. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 4.

- **Configuración do equipo redactor do Proxecto Lingüístico.** De acordo co que establece o artigo 14 do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, de pluringüismo no ensino non universitario de Galicia*.

- **Reunións da CCP.** A través deste organismo canalízase o fluxo de ideas para a revisión dos documentos do centro.

- **Labor do Equipo Directivo.** O Equipo directivo será o encargado de redactar e dar forma aos documentos de contexto e de concreción curricular integrados no PEC.

- **Labor do Equipo de Biblioteca.** O Equipo de Biblioteca deseñará as liñas fundamentais dos novos documentos, coa colaboración de Xefatura de Estudos e da persoa directora.

2.3.5. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 5.

- **Labor da persoa coordinadora de benestar e convivencia.** Publicítase esta figura e créanse novos espazos de dinamización da convivencia e o benestar aproveitando o labor xa realizado outros anos por persoas diversas.

- **Reunións da comisión de convivencia e de coeducación.** Estas comisións, constituídas xa no seo do Consello Escolar, terán un papel activo na potenciación das iniciativas pola igualdade, os coidados e a comunicación positiva, ademais de promovelas.

- **Vicedirección e Departamento de Actividades Extraescolares.** Encargarase de coordinar actividades diversas, en estreito contacto co resto do equipo directivo e coa Comisión de Coeducación.

- **Equipo de Mediación.** Colaborarán na difusión da cultura do diálogo, do bo trato e da igualdade, como parte indispensable da cultura da mediación.

- **Programa Quérote+**. Programaranse charlas incluídas neste programa de educación afectivo-sexual.

- **Plan Director da Garda Civil**. Seguirase botando man dos recursos que ofrece a Garda Civil para a concienciación do alumnado en moitos aspectos relacionados coa convivencia e a relación sa entre iguais.

2.3.6. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 6.

- **Reunións coa ANPA**. A dirección colaborará coa ANPA e ofrecerá espazos e iniciativas de colaboración, á vez que a cesión de parcelas de contido que poidan ser xestionadas pola ANPA.

- **Dirección**. Encargarase dos contactos coas familias na dinámica de renovación do Consello Escolar e asesorará a nova ANPA.

- **Comisión para a celebración do 50 aniversario do centro**. Crearase un pequeno equipo que dinamice esta celebración e que estea en contacto con toda a comunidade escolar, recollendo as súas iniciativas e achegas.

- **Alumnado mediador, colaborador da Biblioteca e membros do EDLG**. Difundirán entre o colectivo de alumnado e familias as iniciativas de colaboración.

- **Consello Escolar**. Informarase da posibilidade de que, en caso de que se produza algunha baixa, integrar un membro da ANPA como representante da asociación neste órgano.

2.3.7. RECURSOS PREVISTOS PARA O OBXECTIVO 7.

- **Envío do informe de reformas por correo electrónico á Xefatura Territorial**. Desde o correo corporativo enviarase un informe-solicitude asinado polo director do centro que demande a necesidade das reformas descritas.

- **Xestións telefónicas da dirección coa Unidade Técnica da Consellaría de Educación**. Logo do envío do informe, a dirección realizará un seguimento, especialmente a través de comunicacións telefónicas e por correo electrónico.

- **Solicitude de desafectación da vivenda do conserxe por sede electrónica**. Identificarase o servizo responsable e contactarase con el de cara a realizar a solicitude oficial de desafectación da vivenda.

3. HORARIO XERAL DO CENTRO.

O IES Camilo José Cela continuará no presente curso co horario lectivo establecido para os cursos anteriores.

3.1. Horario lectivo.

O horario lectivo do IES é de 08:45 a 14:25, de luns a venres. No medio deste franxa horaria intercálanse dous períodos de recreo de 20 min cada un. Os martes pola tarde tamén hai sesións lectivas de 16:20 a 18:00.

No presente curso, solicitarase como día non lectivo do centro o 2 de abril de 2023 (martes de Pascua).

3.2. Disponibilidade de uso das instalacións fóra do horario lectivo.

O centro está dispoñible polas tardes fóra do horario lectivo para realización de exames por parte alumnado de bacharelato, autorizado previamente polas súas familias.

A ANPA, recentemente creada, poderá dispoñer das instalacións polas tardes para xuntanzas e actividades, previa solicitude por escrito á dirección.

Cando algunha entidade queira facer uso das instalacións do centro deberá solicitalo por escrito á dirección, seguindo o protocolo que figura no apartado 8.3 das Normas de Organización e funcionamento do IES Camilo José Cela.

3.3. Horario de verán.

No mes de xullo, o horario de apertura do centro será de 09:00 a 14:00 de luns a venres.

No mes de agosto haberá un horario de apertura reducido ante a escasa actividade do centro. Este será de 10:00 a 12:00 de luns a venres. Fóra deste horario estará a disposición da comunidade un teléfono permanente de atención urxente.

4. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

O único servizo complementario co que conta o centro é o **transporte escolar**. É usado por unha parte importante do alumnado, especialmente o transporte non excepcional, dada a cantidade de poboación que habita nas parroquias afastadas do casco urbano de Padrón. Como dato destacable neste curso, apreciamos un incremento no número de usuarios/as do transporte escolar, especialmente debido ao aumento das persoas usuarias do veciño IES Macías o Namorado.

Alumnado que usa o transporte non excepcional	1º ESO: 18
	2º ESO: 19
	3º ESO: 24
	4º ESO: 13
Alumnado que usa o transporte excepcional	1º BAC: 15
	2º BAC: 15

Alumnado de transporte non excepcional que utiliza a ruta do IES Macías o Namorado	1º ESO: 1
	2º ESO: 3
	3º ESO: 0
	4º ESO: 0
Alumnado de transporte excepcional que utiliza a ruta do IES Macías o Namorado	1º BAC: 1
	2º BAC: 1

Alumnado de transporte non excepcional matriculado no IES Macías o Namorado que utilizan o transporte do IES Camilo José Cela	1º ESO: 2
	2º ESO: 2
	3º ESO: 2
	4º ESO: 4
Alumnado de transporte excepcional matriculado no IES Macías o Namorado que utilizan o transporte do IES Camilo José Cela	1º BAC: 1
	2º BAC: 3
	FP Básica: 2
	Ciclo Medio: 2
	Ciclo Superior: 0

A seguir presentamos o número de rutas e o detalle das mesmas, así como o número total de alumnos e alumnas por ruta.

Nº de rutas	Itinerarios	Nº de alumnos e alumnas
Empresa Barbantia Do IES Camilo José Cela a: ED: 151523_01	Vista Alegre, Casas Baratas, Herbón, Alto do Sobrido, Barreira,Lino, Corral, Rial, Pousada, Ribadulla, Sinda1.	48 (Prazas dispoñibles 55)
Empresa Barbantia Do IES Camilo José Cela a: ED: 15	Casal, Sobrerribas, Cruxeirasde Abaixo, Cruxeiras de Arriba,Rumille, Berxaos, Sande.	12 (Prazas dispoñibles 25)
Empresa Barbantia Do IES Camilo José Cela a: ED: 151526_01	Matanza, Couto, A Retén.	25 (Prazas dispoñibles 25)
Empresa Benito Abalo Do IES Camilo José Cela a: ED:151524_	Avda Pontecesures, Aduana, Cortiñas, Rocha, Morono, Condes, Grobas,Fenteira.	36 (Prazas dispoñibles 55)
Total de alumnado que emprega o transporte escolar do IES Camilo José Cela		121

5. PLAN ANUAL DE LECTURA.

O Equipo de Biblioteca establece, concretando as directrices do Proxecto lector do centro, o plan anual de lectura do IES.

Para a súa posta en marcha precísase a colaboración de todo o profesorado, como consta no Proxecto lector de centro aprobado no curso 2015/16, no que se recolle o compromiso do profesorado do IES de potenciar a comprensión lectora como base da aprendizaxe, de deseñar e integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase, e de traballar a comprensión lectora conxuntamente coa escritura e a expresión oral.

5.1. OBXECTIVOS.

Tendo en conta o sinalado e de acordo co recollido no Proxecto lector de centro e o publicado na *Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de Mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios para o curso 2023-2024*, serán obxectivos do Plan Anual de Lectura:

1. Apoiar ao profesorado nas súas necesidades de recursos para o desenvolvemento de proxectos, do proxecto lector e das actividades pedagóxicas dentro e fóra da aula. Promoverase unha coordinación entre o equipo de biblioteca e o ENDL, profesorado responsable das TICs, departamento de Orientación e o equipo de actividades complementarias e extraescolares na programación de actividades.
2. Contribuír a mellorar a competencia na expresión oral e escrita do alumnado.
3. Espertar en toda a comunidade o gusto e o hábito de ler.
4. Organizar espazos e tempos para a lectura
5. Proporcionar ao alumnado a formación necesaria para utilizar os recursos dispoñibles de forma crítica e autónoma.
6. Integrar a cultura impresa e a cultura dixital.
7. Implicar o contorno familiar e as institucións públicas, especialmente as bibliotecas do contorno, no proxecto lector.

8. Fomentar a creación escrita así como as lecturas compartidas.

9. Facer da Biblioteca un elemento integrador e compensador das desigualdades, poñendo ao alcance do alumnado con dificultades as novas tecnoloxías e os materiais precisos para o desenvolvemento da súas capacidades satisfacendo as súas NEAE.

10. Converter a Biblioteca a través da presenza nas redes no Centro Cultural do Instituto, con exposicións conmemorativas, temáticas, de autores, de novidades literarias, exposición de traballos do alumnado, ou da información da axenda cultural do barrio e a cidade.

11. Promover unha serie de actividades (club de lectura, certames, exposicións, concursos, lecturas en grupo, teatro, creacións literarias colectivas, etcétera) en colaboración con outros departamentos e coa Dirección, incidindo en particular nas actividades relacionadas coa animación á lectura, a loita contra as desigualdades, a igualdade entre homes e mulleres, os principais temas da Axenda 20-30, etc.

5.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.

A nosa intención é manter as liñas de actuación dos últimos anos:

■ En relación coa organización e a xestión

- Implantar o Programa Koha9 para manter un catálogo de documentos actualizado, ben clasificado e accesible.
- Iniciar unha sección de fondos en soporte electrónico que se poidan emprestar a través de internet. Sobre todo os libros de lectura ou consulta obrigatoria.
- Continuar expurgando materiais obsoletos, en mal estado ou que non son adecuados ás necesidades da biblioteca escolar.
- Continuar co sistema de catalogación sinxelo comezado o pasado curso, xa que facilita o rexistro e a localización dos fondos.
- Expoñer os materiais máis atraentes e novidosos fóra da biblioteca, nos espazos do centro de maior afluencia e visibilizalos na rede.
- Centralizar a xestión de todos os recursos documentais do centro.
- Aumentar a oferta de uso de material audiovisual.

- Iniciar unha sección de fondos en soporte electrónico que se poidan emprestar a través de internet. Sobre todo os libros de lectura ou consulta obrigatoria.
- Xerar actividades culturais, en colaboración co Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e cos departamentos didácticos. Colaborar coa revista do instituto, Leliadoura, aportando materiais gráficos e escritos.

■ En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.

Co fin de servir de apoio ao tratamento do currículo, teremos en conta as suxestións dos departamentos á hora de adquirir materiais, priorizando os seguintes aspectos:

- Exemplares das lecturas obrigatorias en número suficiente, pois nalgúns casos só hai dous ou tres para grupos numerosos de alumnas e alumnos.
- Libros dixitais, audiolibros e outros recursos potencialmente útiles en caso de suspensión da actividade lectiva presencial.
 - Películas, música e outros materiais audiovisuais.
 - Cómicos axeitados ás idades do alumnado, sobre todo en galego.
 - Revistas de carácter divulgativo: cine, música, deportes... e xornais.
 - Novidades editoriais que resulten de interese pola súa adecuación ás idades do alumnado ou por ser edicións especialmente recomendables dos clásicos. Neste senso, estamos a facer un esforzo por adquirir clásicos universais en galego.
 - Material cartográfico para expoñer na biblioteca.
 - Fondos non literarios.

■ En relación coa contribución á alfabetización múltiple e co desenvolvemento das competencias básicas do alumnado, aproveitando algún aspecto do currículo, algunha data sinalada, ou algunha actividade concreta, organizaremos actividades tales como creación de vídeos, algún concurso de busca de información ou concursos literarios ou de deseño de imaxes en soporte informático. Ademais, en colaboración coas titorías, intentaremos mellorar as destrezas do alumnado na procura e no tratamento da información a través da rede e dos medios de comunicación.

■ En relación coa formación de usuarios e adquisición de competencia informacional.

- Para que a biblioteca sirva como centro de recursos, continuaremos mellorando

a calidade e o funcionamento dos recursos informáticos da biblioteca.

- Continuaremos o proceso de formar os usuarios e usuarias para que saiban manexar todos os materiais e recursos dispoñibles, e acceder á información:
 - A nivel individual.
 - A nivel de grupo, organizando visitas guiadas á biblioteca, onde se lles explica o funcionamento da mesma e como localizar os documentos.
 - A nivel xeral, publicando as instrucións no blog, da biblioteca, na nosa sección da web do centro e en carteis colocados na sala.
- Por outra parte, coa colaboración do alumnado voluntario e dos departamentos, elaboraremos un catálogo de recursos da web.
- Asemade, visitaremos, se a situación o permite, a biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela para asistir a actividades de formación de usuarios, realizar visitas guiadas á biblioteca...

■ En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto

Lector de centro.

- Club de lectura Galeano para o alumnado e, de ser posible, tamén para adultos: profesores, persoal non docente do centro e nais e pais.
- Colocación de taboleiros para recoller suxestións encamiñadas á adquisición de fondos. En caso de confinamento, pedirase esta colaboración a través do blog.
- Continuaremos coa Hora de Ler para o alumnado de ESO. Trátase de ler na aula textos elixidos polo propio alumnado, que non teñen por que ser de ficción. Cada grupo terá unha hora semanal de lectura, que se distribuirá no horario de forma equilibrada.
- Divulgación dos fondos (especialmente das novidades) e das actividades realizadas na biblioteca por todo o centro educativo e na rede.
- Exposición das lecturas obrigatorias nun andel separado e de fácil acceso. Tamén se visibilizarán no blog da biblioteca.
- Promoción da creación literaria mediante a convocatoria de concursos literarios en datas sinaladas.
- Invitación a algún autor ou autora para a presentación de libros, recitais poéticos, sesións de narración oral...

■ Cara a unha biblioteca inclusiva.

- Co asesoramento do equipo de Orientación, continuaremos adquirindo novos materiais para o tratamento da diversidade do alumnado: aplicacións didácticas, xogos educativos, libros, audiolibros e audiovisuais adaptados, etc.
- En caso de necesidade, ofreceremos os recursos tecnolóxicos dos que dispoñemos (lectores electrónicos, táblets, etc) ao alumnado que non poida acceder a eles.
- Ademais, seguiremos tendo contacto coas bibliotecas municipais dos concellos de orixe do alumnado (Padrón, Rois, Dodro, Pontecesures).
- Potenciación do recuncho violeta. Procurarase a redefinición deste espazo como difusor de medidas de igualdade, procurando iniciativas que o desenvolvan no marco dos proxectos solicitados

5.3. RECURSOS.

Lecturas compartidas

Retomarse este curso a dinámica de lecturas compartidas co CEIP Flavia, centro adscrito de Infantil e Primaria. No marco de diferentes celebracións e datas conmemorativas, alumnado do noso centro desprazarase ao centro veciño para realizar lecturas que sirvan de encontro e motivación entre mozos e mozas de idade variadas que compartan o gusto por ler e contar.

Hora de ler.

Como viña sendo habitual nos cursos previos á COVID-19, procuraremos retomar a dinámica da *Hora de ler*.

Este curso, como existen grupos de aula poderemos crear bibliotecas de aula para a *Hora de ler* e así cada alumna e alumno custodiará o seu libro. Trátase de ler na aula textos elixidos por polo propio alumnado, que non teñen por que ser de ficción. Cada grupo terá unha hora semanal de lectura, que se distribuirá no horario de forma equilibrada.

A hora de dedicación á lectura distribuirase seguindo o horario: a primeira semana farase a primeira hora do luns, a segunda semana, a segunda hora do luns, e así sucesivamente. Deste xeito garántese o equilibrio nas materias afectadas.

Por outra parte, é unha prioridade que a lectura sexa pracenteira, polo que o alumnado poderá elixir o que vai ler, é dicir, que pode usar os materiais que se lle ofrecen na biblioteca ou traer os seus propios da casa.

Ademais, para conseguir que o alumnado manteña o interese na lectura, buscaremos que esta sexa elixida baseándose nas súas preferencias. Se ben é certo que hai rapaces e rapazas que teñen o hábito da lectura e que poden escoller os libros por si mesmos/as, hai moitos outros que non teñen un criterio claro. Para intentar solucionar este asunto, proporcionaremoslles aos/ás titores/as actividades de motivación e selección de lecturas.

Club de lectura *Galeano*.

O Club de lectura implica un espazo para compartir, intercambiar e expor ideas e opinións sobre as obras lidas.

O club intégrase dentro das actividades de animación á lectura do e traballa coordinadamente coa biblioteca do centro. Moitas das actividades previstas, e enumeradas a continuación, intentaranse desenvolver coa súa colaboración.

- Participación no programa Club Prensa-Escuela de *La Voz de Galicia*.
- Celebracións de días relacionados con obras e autores variados: Letras Hispánicas, Inglesas...
- Celebración do Día das Letras Galegas.
- Entrevistas a persoas coñecidas relacionadas cos hábitos ou preferencias lectoras.
- Visitas a outros Clubs de lectura.

Continuaremos cos grupos de alumnado da ESO que participaron no Club o curso pasado e, intentaremos crear un grupo para adultos: profesores, persoal non docente e pais e nais.

Formación de usuarios/as.

Seguindo na liña das actuacións formativas do alumnado levadas a cabo durante estes últimos cursos, haberá unha sesión formativa organizada en colaboración co profesorado de garda e as titorías. Serán explicadas unhas orientacións básicas sobre os

medios dixitais e impresos cos que conta a biblioteca para que todo o alumnado poida acceder a eses recursos bibliográficos e audiovisuais dunha forma áxil e eficiente.

En colaboración cos departamentos, organizaranse actividades de busca de información, que teñen como obxectivo que o alumnado se familiarice co proceso de busca e que aprenda a manexar e localizar distintas fontes.

Grupo de alumnado voluntario.

Procuraremos consolidar ou aumentar este grupo, que comezou a funcionar hai tres anos, aínda que foi no 2017/18 cando se acolleu formalmente ao programa de Bibliotecas escolares solidarias como grupo de *Voluntariado na biblioteca escolar*.

Programa de mellora da lectura.

Para mellorar as habilidades relacionadas coa comprensión lectora cómpre ensinar unhas estratexias, que se facilitarán a todo o profesorado para a súa práctica docente.

Invitación a algún autor ou autora.

Intentaremos contar coa colaboración dalgún autor ou autora (xa sexa de forma presencial ou por videoconferencia) para a presentación de libros, recitais poéticos, sesións de narración oral...

Promoción da creación literaria.

Farase mediante a convocatoria de concursos literarios aproveitando os acontecementos de actualidade: concurso de relatos de terror no Samaín, e doutras temáticas e noutros soportes, como as mensaxes curtas ou os vídeos. Crearase un buzón (físico e dixital) para recoller os escritos do alumnado. Este material irase recollendo na páxina web do centro.

Fomento da crítica literaria, cinematográfica ou musical.

Realizarase a través de textos escritos ou de booktrailers (recomendacións gravadas en vídeo).

Conmemoracións

- 29 de outubro: Celebración do Día das BE

- Samaín
- 25 de novembro: Día contra a violencia contra a muller
- 10 de decembro: Día dos Dereitos humanos.
- 30 de xaneiro: Día da Paz
- 8 de marzo: Día da muller
- Semana do 8 ao 12 marzo: Semana da prensa
- 23 de abril: Día do libro.
- 17 de maio: Día das Letras galegas.

Recursos Humanos

O equipo da biblioteca estará especialmente implicado no Plan anual de lectura.

Contamos tamén co Departamento de Orientación para as actividades relacionadas con estratexias de lecto-escritura, ou que requiran a colaboración do profesorado titor.

Pediremos a colaboración do profesorado de todos os departamentos didácticos para que nos fagan chegar as súas suxestións.

5.4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación estará encamiñada a valorar o funcionamento do Plan anual de lectura

A final de curso aplicaremos unha enquisa ao profesorado e outra máis sinxela ao alumnado para avaliar aspectos como os seguintes: hora de ler, club de lectura, fondos, préstamo, actividades, uso dos espazos e recursos informáticos.

Nesta avaliación deberanse recoller:

- Avances ou dificultades do funcionamento do Plan anual de lectura.
- Actitude do alumnado cara á lectura.
- Propostas de mellora

Ademais, manteremos os taboleiros e usaremos a conta de Instagram para recoller suxestións encamiñadas ao funcionamento da biblioteca.

Para realizar esta avaliación contaremos cos informes das responsables da biblioteca e do club de lectura.

Así mesmo, o plan anual de lectura avaliarase na memoria de fin de curso elaborada por cada departamento.

6. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade enténdense como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmo e estilo de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sócio-culturais de todo o alumnado.

O plan de atención á diversidade debe encamiñarse a compensar as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, baseándose nos **principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a Comunidade Educativa**, seguindo estes principios iremos na procura de que a diversidade se considere un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade e nunca entendela coma un hándicap.

O Departamento de Orientación está formado no presente curso pola Xefa do Departamento, **Pilar Lestido Parra**, actualmente en situación de incapacidade temporal, ademais das seguintes compoñentes:

PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA: Denis Cascallar Agrelo.

PROFESORA TITORA DE 1º ESO: Marta Díaz Ferro

PROFESORA TITORA DE 4º ESO: Natividad Paramá Ferreiro.

Para a concreción das liñas prioritarias e de actuación a desenvolver no presente curso escolar, tivemos en conta, ademais das necesidades detectadas no noso centro, as directrices recollidas na *Orde de 8 de setembro de 2021*. Tamén se consultou a memoria do Departamento de Orientación do curso 2023-24.

OBXECTIVOS XERAIS DESDE O ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.

- 2.- Tomar medidas que optimicen a acción educativa, medidas que respondan as necesidades e características persoais do alumnado e que contribúan a consecución das competencias e dos obxectivos da etapa educativa .
- 3.- Optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e en particular aquel con NEAE.
- 4.- Basear nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais internos e externos ao centro a intervención educativa e promover a implicación das familias do alumnado no proceso educativo.
- 5.- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación educativa.
- 6.- Promover medidas e actuacións destinadas á convivencia a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

ACCIÓNS PRIORITARIAS, TEMPORALIZACIÓN E CRITERIOS DA AVALIACIÓN

OBXECTIVO 1

ACTIVIDADE	PROFESIONAL RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS AVALIACIÓN
<p>Revisión do programa establecido e do alumnado xa incluído;propoñer modificacións oportunas á vista da memoria, das instrucións da administración e das necesidades de principio de curso.</p> <p>Adscrición do alumnado tendo en conta o alumnado con NEAE e a información obtida do centro de primaria adscrito</p> <p>Avaliación Inicial de NE e NEAE en cada unha das aulas e demanda da intervención do</p>	<p>CCP D.O X:E</p> <p>Xefatura de estudos co asesoramento do D.O</p> <p>Profesorado das distintas materias e Dep. de Orientación</p> <p>Orientadora contando,se é preciso, co asesoramento do EOE</p>	<p>Meses de setembro e outubro</p> <p>Principalmente no último trimestre, concretando ao principio do seguinte curso ou sempre que a atención das necesidades do alumnado así o requiran.</p> <p>Principalmente nos meses de setembro e outubro. Debe facerse unha avaliación continúa co fin de detectar as posibles necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.</p> <p>Sempre que xurda unha</p>	<p>Identificar as distintas necesidades educativas de cada un dos seus alumnos , especialmente de aqueles con NEAE</p> <p>Esa avaliación detecte valore analice as necesidades educativas que a alumna ou alumno presenta poder así deseñar a mellor resposta educativa.</p> <p>Esa avaliación detecte valore analice as necesidades educativas que a alumna ou alumno presenta</p>

<p>D.O</p> <p>Avaliación psicopedagóxica do alumnado do cal se fixo a demanda e que o D.O valora necesaria facerlla .</p> <p>Desenvolvemento do Plan de Acollida para alumnado de incorporación tardía o Sistema Educativo e para o alumnado do centro adscrito</p> <p>Distribución de apoios do especialista de PT, seguindo os criterios establecidos no PXAD</p> <p>Reunión periódicas da CCP</p> <p>Programas destinados á prevención de NEAE (PAT, PXAD; Contratos programas, Proxecto Terra, Técnicas de estudio, Habilidades sociais.....)</p>	<p>Elaboración por parte do D.O, revisión do Plan de Acollida polo claustro de profesores e aprobación do Consello Escolar</p> <p>X.E, D.O e especialista en P.T</p> <p>Dirección do centro</p> <p>Titor, D.O, profesorado con dispoñibilidade horaria, profesionais externos...)</p>	<p>demanda e se considere necesaria unha avaliación máis profunda, unha avaliación psicopedagóxica; esta demanda pode ser da titora ou titor, do profesorado implicado no proceso de E-A da alumna ou alumno, da especialista de PT , da propia familia.....</p> <p>Revisión e aprobación no 1º trimestre de curso</p> <p>Ao principio de curso, revisión mensuais para posibles incorporacións o dadas de alta.</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo do curso</p>	<p>poder así deseñar a mellor resposta educativa.</p> <p>Avaliar que a acollida e inclusión deste alumnado foi satisfactoria atendendo as súas necesidades</p> <p>NEAE que poidan xurdir ao longo do curso.</p> <p>Analizar se os alumnos adquiren as estratexias traballadas nestes programas e realmente prevén ou atenúan futuras NEAE</p>
---	---	--	---

OBXECTIVO 2

ACTIVIDADE	PROFESIONAL RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIOS AVALIACIÓN
MEDIDAS ORDINARIAS			
Reforzo Educativo	Reforzo educativo por parte do profesorado dentro da aula e de forma individualizada.	Todo o tempo que a necesidade educativa persista na alumna ou alumno	Superación da necesidade educativa que a alumna ou alumno presentaba
Desdobre de grupos Este curso en 2º e 3º da ESO na materia de Lingua Inglesa.	Profesora ou profesor da materia obxecto de desdobre	Ao longo do curso escolar	Avaliación dos resultados do desdobre
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS			
RE	Reforzo ofrecido polo mestre especialista en Pedagogía Terapéutica (PT)	Todo o tempo que a necesidade educativa persista na alumna ou alumno	Superación das necesidades que a alumna ou alumno presentaba.
Adaptación Curricular(AC) Este curso 2 AC (unha en 2º da ESO e unha en 3º ESO)	Profesora ou profesor responsable da materia ou materias que se necesita adaptar; asesoramento do D.O e autorización de Inspección Educativa	Un curso escolar, revisable trimestralmente	Os criterios da avaliación e estándares de aprendizaxe fixados na AC
Agrupamentos flexibles en 1º ESO e 2º ESO	Profesora ou profesor das materias de lingua e literatura Castelá e Matemáticas en 1º da ESO e Literatura e Lingua Galega e Matemáticas en 2ºESO, destinados ao agrupamento. Asesoramento do D.O e autorización de Inspección Educativa	O tempo que a alumna ou alumno precise para acadar o nivel de competencia curricular do seu nivel educativo e poda levar o ritmo da materia na aula ordinaria	A alumna ou alumno acadan o nivel de competencia curricular necesario para incorporarse a aula ordinaria

OBXECTIVO 3

ACTIVIDADE	PROFESIONAL RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIO AVALIACIÓN
Distribución de maneira coherente dos recursos persoais seguindo os principios marcados pola CCP e descritos no PXAD	Especialistas de PT e Asesoramento do D.O Persoal non docente , Xefatura de estudos	Ao longo do curso	Eses recursos foron usados e foi de utilidade na práctica educativa.
Distribución coherente dos		1º trimestre e unha provisión	Facilita ao profesorado titor a

recursos materiais. Dotar ao alumnado con NEAE dos materiais necesarios que lle faciliten o acceso ao currículo. Elaboración dunha guía das medidas metodolóxicas para o alumnado con TDAH, e o alumnado con TEA Revisar anualmente o Plan de Acción Tutorial Asesorar e colaborar co desempeño da acción tutorial especialmente no caso dos alumnos con NEAE Dotar de material ou estratexias para o desenvolvemento da práctica tutorial Desempeño das accións programadas no plan de acción tutorial. Dotar de estratexias metodolóxicas e de acceso ao currículo ao titor ante as necesidades do alumnado do centro con TDAH, TEA... Reunións de titorías, onde se informa de todos os aspectos referidos o proceso de E-A do alumnado e se recollen preocupacións ou demandas dos pais ou tutores legais Colaborar cos distintos	Cada departamento fará un inventario dos materiais existentes e fará unha previsión do que vai a necesitar para a súa práctica docente Previsión do titor, do D.O, do profesorado da materia, a familia D.O D.O e titoras e titores D.O e titoras e titores D.O D.O e profesorado titor, axentes do Concello, entidades externas ao centro Titor D.O, titora e titor e profesorado responsable de materia	de recursos (xustificada) ao longo do curso. 1º trimestre, e ao longo do curso cando xurda a necesidade 1º trimestre e ao longo do curso sempre que xurda a necesidade 1º trimestre e ao longo do curso sempre que xurda a necesidade Ao longo do curso Ao principio de curso e sempre que a situación o requira ao longo de curso Ao longo do curso 1º trimestre Ao longo do curso	súa práctica, o alumnado beneficiase destas medidas. Adapta-se, é de utilidade dadas as necesidades, intereses, preocupacións do alumnado do centro Facilita ao profesorado a súa práctica coma profesorado titor, o alumnado afectado beneficiase destas medidas. Maior coñecemento do seu grupo e de cada un dos seus alumnos e alumnas Facilita ao profesorado a súa práctica docente, o alumnado afectado beneficiase destas medidas.
--	---	--	---

<p>proxectos que se desenvolven no centro (contratos programa, plan de benestar emocional, plan de mellora de hábitos saudables, mediación</p> <p>Coordinación do centro con todos os axentes da Comunidade Educativa e profesionais externos (Servizo médicos, Servizos sociais)</p>	<p>Totalidade do claustro de profesoras e profesores</p> <p>D.O , X.E. Dirección , profesorado docente</p>	<p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo de curso Mínimo unha vez o trimestre</p>	
---	--	---	--

OBXECTIVO 4

ACTIVIDADES	PROFESIONAL RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIO AVALIACIÓN
Reunións de tutorías, onde se informa de todos os aspectos referidos o proceso de E-A do alumnado e se recollen preocupacións ou demandas dos pais ou titores legais	D.O , titora e titor e profesorado responsable de materia	Ao longo de curso	Maior coñecemento do seu grupo e de cada un dos seus alumnos e alumnas
Reunións ou difusión a través da aula virtual ou da páxina web do centro dos distintos proxectos que se desenvolven no centro e de que maneira pode participar	Claustro de profesores	Ao longo do curso	Participación da Comunidade Educativa
Coordinación do centro con todos os axentes da Comunidade Educativa e profesionais externos (Servizo médicos, Servizos sociais...)	D.O , X.E. Dirección , profesorado docente	Mínimo unha vez o trimestre	

OBXECTIVO 5

ACTIVIDADES	PROFESIONAL RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIO AVALIACIÓN
Participación en actividades de formación do profesorado: EMOCIONS MEDIACIÓN PLAN DIXITAL	Claustro do profesorado	2º E 3º TRIMESTRE	
Participación de todo o centro no programa :” Plan B de bibliotecas escolares.	O centro escolar no seu conxunto	1º E 2º TRIMESTRE	

Desenvolvemento do plan de acollida	D.O , titora e titor		
Actividades para mellorar o benestar emocional do alumnado	D.O e titora ou titor resto do profesorado	Ao longo do curso e dun xeito transversal	Buscar a participación de todo o claustro de profesores e a Comunidade educativa para conseguir que se cree no centro unha cultura do benestar emocional, hábitos saudables, respecto polo medio ambiente, respecto pola diversidade e a igualdade de xénero.
Levar a cabo o Programa de Habilidades Sociais .	D.O e titora	1º e 2º trimestre no desenvolvemento dun obradoiro ao longo do curso.	
Participar no contrato programa : EMOCIONA-T	D.O, D.Filosofía e resto do profesorado	Ao longo do curso	
Participar no contrato programa : INCLÚE-T	D.O, D.Filosofía e resto do profesorado	Ao longo do curso	
Participar no contrato programa : IGUALA-T	D.O, D.Filosofía e resto do profesorado	Ao longo do curso	

OBXECTIVO 6

ACTIVIDADES	PROFESIONAL RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN	CRITERIO AVALIACIÓN
Obradoiros para o alumnado sobre Intelixencia Emocional e Competencias Sociais dentro do programa Emociona-T	D.O, D. filosofía , axente externo e resto do profesorado	1º e 2º trimestre	
Actividades propostas no contrato programa Iguala-T	Totalidade departamentos didácticos	Ao longo do curso	O alumnado aprende estratexias, normas e actuacións favorecedoras dunha cultura de centro de respecto pola diversidade
Desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro	Totalidade departamentos didácticos	Ao longo do curso	O alumnado aprende estratexias, normas e actuacións favorecedoras da convivencia positiva no centro
Formación de alumnas e alumnos mediadores	Psicólogo	3º trimestre	O alumnado adquire o compromiso e as estratexias necesarias para mediar en determinados conflitos escolares .

AVALIACIÓN PXAD

Á hora de avaliar o Plan de Atención á Diversidade teremos en conta unha serie de indicadores que parten dos obxectivos propostos en dito documento:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos

- Cumpre a lexislación vixente.
- Valoración dos recursos empregados e novas necesidades.
- Nivel de cumprimento das medidas propostas.
- Nivel de grao de adecuación das canles de coordinación establecidos.

7. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE.

O *Plan de Igualdade* do centro foi aprobado en claustro o 29/04/2020, segundo o disposto pola *Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de Plans de igualdade no curso 2019-2020*.

O plan adxuntouse o curso 2020-2021 como anexo á Programación Xeral Anual, segundo requiría a instrución mencionada anteriormente e forma parte do PEC do centro desde a data da súa aprobación.

Tendo as medidas establecidas no *Plan de Igualdade*, o presente curso desenvolverase as seguintes accións:

- Potenciación da figura da persoa impulsora das políticas de igualdade no seo do Consello Escolar, logo do seu nomeamento o curso pasado.
- Potenciación da Comisión de Coeducación, constituída o curso pasado no seo do consello escolar e presidida pola persoa impulsora das políticas de igualdade.
- Revitalización, do espazo denominado *Recuncho Violeta*, destinado a dar visibilidade á muller e á loita pola igualdade real no recibidor do centro.
- Promoción de candidaturas femininas para delegadas de clase.
- Conmemoración do *Día dos Afectos* o 14 de febreiro, como xeito de celebrar de xeito diferente unha afectividade máis igualitaria libre dos estereotipos daniños asociados ao amor romántico.
- Rexistro de datos estatísticos tendo en conta a diferenzas de xénero, desde o referente á convivencia ata a participación en actividades ou órganos de decisión.

- Desenvolvemento da educación afectivo-sexual no centro, coa participación en proxectos como CpInclúe, nas modalidades EMOCIÓN-T, IGUÁLA-T e INCLÚE-T.
- Continuación da revisión e depuración da linguaxe sexista en todos os espazos e documentos do centro: cartelaría, materiais didácticos, sinalización, reunións...
- Potenciación da persoa coordinadora de benestar no centro, que actuará coordinadamente coa persoa impulsora das políticas de igualdade no seo do Consello Escolar.
- Adquisición de novos fondos bibliográficos sobre feminismo, coeducación, diversidade afectivo-sexual e igualdade real.
- Fomento das vocacións femininas en materias ou estudos en que tradicionalmente están pouco representadas, a través da acción tutorial e do Departamento de Orientación.

Padrón, 29 de setembro de 2023.

Asinado electronicamente, o director

Manuel González Alvarellos